


A NOSA TERRA

Idearium da «Irmandade da Fala» na Galiza e nas colonias
d'América e Portugal

ANO MCMXXI



PREZOS DE SUSCRIZON: Na Cruña, 6 mes, 40 ctmos.; Fora, trimestre, 1'50 ptas.
América, trimestre, 2 ptas.; Coste d'un número, 15 ctmos.—Pagos adiantados


Redaición e Administración: Prensa María Pita. 17. baixos, CRUÑA

FORD

Nova baixa de prezos postos en vigor

		ANTES	AHORA
CHASSIS COMUN...	Pesetas	4.480	4.230
VOITURETTE para 2 pasaxeiros, aberto con arranque	»	6.300	6.070
VOITURETTE » 2 » » sin » »	»	5.790	5.675
DOBLE FAETON » 5 » » con » »	»	6.630	6.350
DOBLE FAETON » 5 » » sin » »	»	6.125	5.965
SEDAN » 5 » (cóche cerrado con arranque) »	»	12.050	11.290
COUPÉ » 2 » » » »	»	10.975	10.215
CHASSIS AUTO-CAMION, de 1 tonelada	»	5.050	5.735

Estos prezos enténdense bordo Cádiz con dereitos de Aduanas pagados




Axiña recibiréi unha remesa de vinte autos e camiós, pol-o que recomendo aos moitos clientes que lles interesa adquirilos, faigan os pedidos EN FIRME, pois a demanda é moi superior as posibilidades da entrega inmediata. As entregas faranse por riguroso orde de turno.

Gran servizo económico de autos de alquiler

LUIS GRANADOS
AXENTE

Oficiña, Exposición, Garaxe e Salón de venda de pezas de recambio e toda crás de accesorios para automóviles

Todas mis ofertas se entenden sin compromiso y sujetas a mi confirmación. As mercancías viaxan por conta e resgo do comprador, non ademitindo devolta dempois da saidas do almacén

Payo Gómez, 5  **A Cruña**  **Teresa Herrera, 6**

DIRECCION TELEGRÁFICA: **LUGRAFORD**

A NOSA TERRA

BOLETÍN QUINCENAL
AÑO V — NÚMERO 150 — 31 OUTONO 1921

O TERCEIRO ANIVERSARIO DA MORTE DO APÓSTOL



LOÍS PORTEIRO GAREA

Finou o 27 d'Outono do 1918.

Os viños do Ribeiro

ARNOYA FINO

Siñifican o máximu d-a "delicadeza"

Bodegas da Viuda e Fillos de Xoán Fuentes—Ourense

Representante na Cruña: **Waldo Losada**

Lembranza de Porteiro

Van tres anos da morte do noso inolvidabel Lois Porteiro. Canto mais tempo pasa mais viva é a súa lembranza pr'os que con el sentimos toda a enxebreza do galeguismo n'ó ideal nacionalista.

Foron os tempos das loitas gloriosas n'os mitins que s'abrían a tiros—Celanova—e se pechaban entre berros e Guardia civil—Estrada, Ourense, etc.—alendidos os curazós d'antusiasmo, furando o ideal ant'ro xentío en guerra qu'erguía a Galiza inteira. Y-as verbas de Porteiro era o sal, y-a quentura contaxiosa.

Santa lembranza esta, pra gloria do morto querido e pra exemplo y-escarmento de nos, os seus vellos compañeiros. No eco da súa voz qu'aínda se pode oír podemos poñer todos unha nova chamada á loita santa. Mais e preciso qu'ô faguelo recollmos tod' a enxebreza, toda a virxindade d'aqueles tempos das primeiras loitas.

O nome de Porteiro quer dicir Galiza pra Galiza. Os galegos hémonos salvar a nós mesmos, y-os nacionalistas sin xuntanzas, sin misturas, sin achegos ós partidos hespañoles por moi radicás que se chamen ou por moi novos que se digan temos que facer d'a nosa bandeira outra vés unha bandeira de loita e de pasión. Foi a nosa forza a sinceridade y-a pureza.

Sin elas cada ves estaremos mais lonxe das horas de fervor e d'espranzas qu'alumearon en Lois Porteiro.

As "Verbas d'un loitador" teñen hoxe aínda toda a súa actualidade. O millor homenaxe a Porteiro e a continuidade n'a simbólica y-eternal carreira dos facinicos, levando alendido sempre mirando adiante o fachico que del recollimos ardendo de amor activo á terra nosa.

Podemos sentire que Porteiro vennos a visitar e chamando, por todol-os hirmáns, por todol-os compañeiros dos tempos pasados, dinos: "Vinde acá. Falade, contádeme. ¿qué fixéchedes? Son chegados os tempos? Levádeme á lareira da nosa hirmandade, que de seguro sigue forte, pecha... Contádeme cousas..." E nós contáramoslle...

Todo ó noso optimismo xurdiría n'aqueles instantes, e sentiríamos precisa a continuidade n'a acción, n'unha estreita xuntanza con novos plans pr'os tempos novos, fixos sempre n'ó mais enxebre galeguismo e n'a mais grande pureza política.

Antón LOSADA DIEGUEZ.

Pontevedra, Outono, 1921.

Uu enxemplo

Foi o paladín escorreito da causa galega: o verbo mesmo das acucias e das reivindicacións do noso p'bo. Acitou coma ninguén, e soupo alumear co'a cintilante luz do seu espírito potente o camiño da loita a recorrer—longo quizais, quizais mais curto que coirdarmos—no que seu esforzo derrubador e indomeado chantara xa os fitos pristinos, farmadeiros do triunfo...

Pensamento e acción nun tempo só: outo enxemplo que d'il ficou nos limiares da morte, perduraré afouto acarón do seu recordo.

A Galiza perdera seu primeiro paladín, mais a espíritoalidade de Porteiro vive latexante no agarimoso peito dos bós, alí mesmo onde a súa morte deixara valeiro un oco que ningunha outra cousa podería encher. Pro, o se lembrar d'il non abonda: compre o seguirmos seu outo enxemplo, traballando a reo na santa causa. Nin nós podemos esquencelo, nin a nazón galega, escravizada e redenta d'e xusticia e liberdade, o esquencera xamais.

Monforte.

Manoel BANET FONTENLA.

Tres anos pasados...

¡Parece que foi onte e van alá tres anos!

¿Quén nos había de dicir que tan axiña tiñamos que separarnos? ¿Porque parece que foi onte? ¡Ai! porque a tua imaxen vive con eterno fulgor entr'os que tuvemos a dita de marchar ó teu lado na campaña que ha salvar a Galiza dos horrores que a rodeian.

Endexamais nos esquencemos das tuas fortes verbas de loitador; nunca deixaremos de t'er presentes as insinanzas con que alimentabas as arelas da mocidade universitaria, insinanzas que os vellos Mestres non acertaron a explicar: ver os museos, os momentos e demais reliquias do pasado, c'o prázer estético e o orgullo nazonal de possuir isas xoias que fan pol'os que d'entre nós se foron e que coma il viven donando alentos á raza.

A mocidade universitaria puido darse conta dunha cousa que Porteiro lle fixo por primeira vez presente: que aquél estudio non sirvise de pretexto para cruzarse de brazos e converter a toda Hespaña nun museu de antigüedades, onde todo ha de ficar como está e onde o simple feito de intentar algunha renovación nas nosas ideas e costumes lle val a un o ser "chatado" de revolucionario.

Esplicou que quen vivía soamente de lembranzas e nada esperaba do porvir, podía considerarse que xa s'encontraba no "ocaso" da vida, sendo certa a vellez do seu espírito; demostrou que sóilo rompendo as velhas cadeias e camiñando con fé, valentía e outimismo car'o horizonte onde se desfían as auroras, é com'os pobos se redimen do seu atraso conquerindo a liberdade que lles foi arrebatada pol'os tiráns.

Eis a diferenza do insiño de Porteiro.

¡Porteiro! Para todol'os que nos honramos en ser ferventes galleguistas, a tua imaxen vive e vivirá com'os fulgores astrales; e os nosos pobres emigrados non podrán olvidar do libro que con tanto cariño ll'adicaches, istas verbas: "Más si contraviniendo todas las esperanzas, los Gobiernos de Gavilla volviesen, como su incapacidad y los gravísimos problemas que la liquidación de la guerra ha de plantear nos habían de conducir a una revolución anárquica, procuraríamos salvarnos en una Galicia libre".

F. VAZQUEZ ENRIQUEZ.

Compostela, Outubro de 1921.

O Malogrado

A maior sorte do miña vida foi ter coñecido a Porteiro cando andaba a facel-os estudos para opositar a cátedras. A miña maior ledicia velo atraguido ao movemento das "Irmandades" pol'o meu homilde libriño "Nacionalismo Gallego". A miña door mais fonda e mais aceda o saber da súa morte.

Eu no epistolario íntimo do inequescénte e exemprar irmao, que gardo como unha reliquia, atopo o consolo de tristes defeccións e a espora do meu espírito para a santa loita pol'a liberdade da Terra, á que lle teño oferendado as millores enerxías da miña mocidade.

Porteiro e mais eu éramos duas almas de cristal o un para o outro. Puxen nas suas mans unha pura e nobre bandeira sin historia i-él soupo defendela e glorificala para que poidese ser histórica. En Celanova erguéuna cara ó ceo c'o bautismo de promo, inda a costa da súa propia vida. E logo dóunos as táboas da nova lei e dos novos valores nas "verbas d'un loitador". O Malogrado fíxose digno para a posteridade d'unha estatua rodiniana como "O Pensador", cinzeada en duro granito das nosas montañas. Foi elocuencia, cultura, inquedanza, enxebreismo, xenialidade... Todo n'un corpo físico arrogante que trocou aos cativos vermes que o comeron en vermes de luz capaces d'alumearen ao noso povo....

A. VILLAR PONTE.

PANGALEGUISMO

Portugal e Galiza

Amarante - Outubro - 1921.

Meus queridos irmaos: Lí na NOSA TERRA, com o maior prazer e orgulho, o modo como foran ahí recibidos os Portugueses ¡Sinto grande alegría, esta alegría sem par da fraternidade cada vez mais íntima entre Galegos e Portugueses! Antevexo o noso grande Futuro atravez as sombras do Presente.

Tambem lhes quero agradecer a todos o imenso carinho com que me tratan. ¡Deus permita que eu seja sempre digno do vosso amor!

A Galiza vive na minha alma. É a sua aspiração. A Galiza é un sonho da nossa infancia doirando a nossa velhice que espera d'esse modo rejuvenecer! O sol, para min, nasce do Marão: quer dizer, das bandas da Galiza.

Vou compôr uma carta aos galegos que será publicada na "Águia", do Porto. Graças ã Galiza, pensamos agora en dar nova vida ã "Renascença Portuguesa". E a "Águia" continuará a ser o seu órgão.

Un grande e fraternal abraço para todos os meus irmãos.

Teixeira de Pascoaes.

Saudosismo e idealismo

Estudo de Xaime Quintanilla

(REMATE)

Galicia ten que cumprir con sagras obrigas coa humanidade. A civilización, no senso de cultura específica, non consiste en ter moitos ferrocarrís, moitos paradoiros do tren, moita telegrafía sen fios. A civilización helénica non os deixou nada dos seus progresos materiaes e sigue vivindo no mundo, aínda que eu coide que na senilidade. Civilización, n-un senso trascendente, quer decir esaltación do espírito propio e incorporación d-ese espírito na civilización xeneral da humanidade. Galicia ten o deber de conservare a sua especificidade porque sobre Galicia ten a humanidade un superior dereito. Pretender que se esquezan o noso espírito privativo é pretender facer un roubo a humanidade enteira. Porque precisamente as patrias e as nacións non son máis que os orgos da humanidade enteira. A humanidade, pra cumprir a sua misión no mundo, distribuí as funcións xenéricas en outras tantas funcións específicas. A humanidade, pra desenrolare hastra o mais elevado a sua intelixencia, percisóu un orgo puramente intelectual. Ise orgo foi Grecia, foi a civilización helénica. A humanidade precisa desenrolare a sua vontade. E por iso hai unha civilización yanki. A humanidade precisa que a lembranza, que a memoria, cheguen ao mais outo desenrolo. Pra iso vimos ao mundo os galegos e os portugueses. A nosa misión no mundo é cumprir c-un mandado da humanidade. Porque iso, e non outra cousa, é a civilización da saudade. A morriña, a saudade e o lirismo, son fillos da memoria, son cousas da lembranza e do recorde. O que queda o que perdura é a humanidade. As nacións e as patrias vanse e desaparecen. Pro des-

aparecen cando cumpriron a sua misión no mundo. E nós os galegos—y en xeneral os pobos celtas— aínda non cumprimos a nosa misión histórica. No nome, pois, da humanidade e do universalismo, nós podemos e debemos chamar a ista cruzada do galeguismo a todol-os homes de boa vontade.

A humanidade ven a ser como o mar. A il van a parar todol-os ríos da terra. Cada un leva o seu caudal, o seu carácter. Cada nación, como os ríos, verte na inmensidade da historia o seu espírito privativo. Y-a humanidade enriquecese d-iste xeito. Y-eisí como o mar, tendo nas suas entranas os compoentes de todol-os ríos, non ten os de ningún determinado, a humanidade—resultado total das historias nacionaes—ten, en si mesma, total-as almas nazóns e non ten ningunha. Y-ademais cada nazón, como xa dixemos, ten, pra a totalidade da historia humán, unha misión especial que cumprir. Nación que morre é río que sécase. A morte de unha nación é a perda d-un orgo pra a humanidade. Eu penso, cando vexo que unha raza desaparece, si a humanidade perdería os ollos ou quedaría sen corazón. ¡Pro non é así! ¡D-aquelas razas que morreron viñeron estas razas que viven! Si finaron os nosos abós os celtas quedamos nos, que continuaremos a misión qu-eles trouxeron a terra! Eu, cada día mais internacionalista, son, por eso mesmo, mais nazonalista. Porqu-eu non comprendo que, por amor a unha muller, poño por caso, preténdase arrincarlle os ollos, ou amputarlle as pernas. Por amor ã humanidade se non pode desear a morte de ningún país do mundo. Y-é morte e asesinato vil o arrincarlle a sua lingoa, os seus costumes, a sua y-alma propia. ¡Nada de confusionismo nin de uniformidade! Que hai homes que coidan que co traxe raiado dos presidarios e un número na gorra, son máis homes. ¡Y-esó que o número individualiza e persoaliza! Y-hai homes que pensan que a humanidade, en troques de un mosaico fecundo, cheo de nobres e diversas actividades,

ten de ser unha negra cova, onde total-as historias privadas dos diferentes países, sexan outros tantos diversos nichos, cheos de polvo e de vermes. ¡A humanidade, panteón de razas ilustres! Non, señores, non. Vivir, cada un de por sí e todos pra todos! Esta ten de ser a nova filosofía e a nova vida histórica. Que non morren os verxeles porque n' il vivan as rosas preto dos caraveles, e as abruñías a veira das queirogas.

¿Xardín ou pradeira? Eu quédome co xardín e déixolles a pradeira aos rumiantes do universalismo uniformista.

A humanidade é unha totalidá; é o resultado duns sumandos que chámanse naciós. E a humanidade é algo, eisiste como unha forte realidade, namentras os suman, dos eisitan. Cando as naciós morran, a humanidade terá finada a sua mensión no mundo e desaparecerá da escea da terra.

Porque o sentimento da patria e un sentimento biolóxico, un verdadeiro sentimento animal é, pol-o tanto lexítimo. Patria e terra son termos sinónimos. A patria non é, non ten de ser, un símbolo: aquel escudo ou aquela bandeira. Cando os escudos ou as bandeiras non representan realidades vivas, contidos xeográficos, o patriotismo trasfórmase en fetiquismo e idolatría. O sentimento da patria faise liturxia. E os defensores da liturxia, os que viven por e pra liturxia simbólica, convírtense en casta. Son casta privilexiada. Do sacerdocio pásase ao saterdostismo. Do sentimento vivo vaíse á trangallada. Non. A patria é aquel castañeiro, aquela cerdeira, a humedade dos campos, o sol resprandecente ou bretemoso. A terra da terra e de pelouros, a terra sempre verde ou sempre parda. Aquel pobo que retrátase no mar y-aqueles casañas que fumegan na montaña. E nós, os homes, unha árbore mais, con raíces na terra—a nosa santa nai—e cos ollos no infinito e o corazón na humanidade. A patria pode querer decir dereito, pro non quererá decir privilexio.

* * *

Temos un vehículo admirabile pras as novas ideas. Y-ese vehículo é a nosa lingoa, que, como estades vendo, serve pra algo mais que pra falar da vaquiña. Aínda fai mui poucos días que leín unha «grosa» admirabile, como total-as suas, de Euxenio D' Ors, na que falaba de que un grande sabio da Suecia sostíña que, entre todol-os idiomas oficiaes da Europa, o único no que poderían-se decir cousas novas, en formas novas, era o idioma holandés. Y-o sabio sueco fundaba o seu criterio no feito da probeza da historia literaria do holandés. Un idioma — decía él—non torturado pol-os literatos, non desfeito y-esquilado pol-o análisis impracabile dos esquirtores, ten de poseer, millor qu-os moito usados, a virxinidade fecundísima da sua esterilidade pretérita. E perciso se decatarse do falso valor que teñen, nos idiomas moito cultivados, os adxetivos. Os novos esquirtores xa teñen que recurrirre ás imaxes pictóricas, por exemplo; teñen que lle roubar elementos ás outras artes belas pra dar a sensación apeteccida.

Apricádelle o conto ao noso idioma galego e veredes como, pra os espritos novos e que viven no eterno desacougo da creación artística e lírica, a nosa lingoa ten ou pode ter, unha trascendencia creadora superior a de todol-os idiomas europeos. O galaico-portugués fálase no mundo por preto de trinta millós de homes. «Dádeme novos

vasos pras vellas esenciaes», fai tempo que dixo o poeta. Nós podemos dar o noso novo vaso, cheo de beleza y-eufonía, a todol-os que queiran crear unha nova arte pra unha nova civilización que alborea.

Y-esta civilización, hai que repetilo e sintetizalo novamente, será a civilización da saudade, qu-eu opoño—y-esta é a novidade e a trascendencia da miña conversa de hoxe —â civilización do idealismo. O meu amigo Blanco Torres xa ten dito que Sancho Panza foi un idealista, tan idealista como o tolo de Don Quixote. Tamén e un idealista o usureiro, qu-esprota a os somellantes. O idealismo mediterrán e ibérico é un idealismo de bambolla teatral. Idealista era o Renacemento. Realista e verdadeiro, contra todo o dito e sostido, foi o romanticismo. As xentes chaman románticos e idealistas a os que non-o son, reialmente. Idealista foi Napoleón. Idealistas foron todol-os grandes guerreiros. Idealista e iste tremendo problema social que é un problema de estómago, e que deseio con toda a miña y-alma que resólvase axiña, pra que déixenos ocupare de cousas mais fermosas e mais nobres que do problema da andorga. O idealismo pode baixar, en grados sucesivos, dendes dos altares hastra os prostíbulos. Os ideaes fan os movementos parciaes da humanidade. A saudade e, quezaves, a dolor feita agarimo. A ferida que calma. A morte que danos vida. A mágoa que alivia noso mais fero peso. ¡A dolor! Ehí tendes o faro, que se non ve, pro que síntese e presíntese, que move a humanidade enteira. Fuxir da dolor e procurar-a felicidade é o que, reialmente, move a os homes. «Cando rézase—decía o Víctor Hugo — a y-alma está de xionllos». Cando síntese un ideaal a y-alma está en pe — digo eu. Cando a saudade adónase de nós a y-alma rube cara ao misterio, amargúllase nas augos da eternidade. Cumpríranse todol-os ideaes humans. As cousas cobizadas quedarán satisfeitas. E, sin embargo, a humanidade seguirá deseitando, coa mesma arela de infinito, coa mesma cobiza do lonxe. No mar da historia nós, os galegos, infiltraremos a humanidade esta cobiza case relixiosa da Divinidade. E cando todol-os homes non teñan mais que pedir, cando xa non teñan mais que desear, porque todo ó pedido será dado y-outido todo o que se deseou, os homes aínda sentirán este diviño desacougo y-esta sede insaciabile. A garantía da perfección human atoparásese n-esta sede eterna, n-esta cobiza endexamais satisfeita.

Pra iso, pra conquistar a nova civilización, traballamos os galeguistas. E, como fillos de unha raza heterodoxa que somos, non pedimos a ninguén ortodoxia de ningunha cras. Son galeguistas todol-os que traballan por Galicia, animados pol-os sentimentos raciaes. Quen fai un cadro galego, unha cántiga, un libro de versos nosos, é galeguista e fai patria galega, aínda que o non-o seipa. Eisí pedimos o galeguismo a todol-os galegos. Qu-o noso nome de galegos seia o mais santo e o mais puro, pra nós, que todol-os nomes xuntos. Pra decir como o poeta, cheos de amor á Terra:

Galicia, nai e señora,
sempre garimosa e forte;
preto e lonxe; onte,
agora, mañán, ¡na vida e na morte!

Xaíme QUINTANILLA.

ISTA TARDE

Ista tarde
tan longa
que vivo
contou-me un rapaciño
que morrera un paxariño.
Cando morría
quería cantar.
Ista tarde
tan longa
non acaba de pasar...

Ista tarde
tan longa
que vivo
pasou un home que iba soio
Pasou pra que Eu xa mais o volte a ver.
Ista tarde
tan longa
en que me doio
ten un refinamento de morrer...

Ista tarde
tan longa
que vivo
un pino illado
ateigou de neurosis
Dispois secará
pra nunca mais zoar c'un alalá.
Ista tarde
tan longa
toma a Morte por dosis.

Ista tarde
tan longa
que vivo
y-o confidente banco d'alameda
c'unha folla amigante
onde escribo
desentérran-me un alma segreda.

A tarde
a mais d'a luz
non sei que esgota.

N-o ar
uns rapaciños loiros
fan tolear a unha pelota.

Manoel-Antonio.

Agora que hay autonomía universitaria

Unha vez que o Rector da Universidade de Santiago recoñece que honra aos que pidiron o establecemento da cooficialidade do galego naquel centro, a campaña feita n'este senso, e que ten ofrecido someter a consideración do claustro tal deseio, agora compre que se imprante na Universidade unha Facultá técnica.

Entre total-as Universidades da Península, somentes hai unha, a do Porto, veciña da nosa, que ten dende fai tempo esa Facultade.

E un grupo de nacionalistas galegos dirixiuse ao ilustre Leonardo Coimbra pidíndolle os estatutos por que se rixe aquela Facultade técnica para envialos a estudo ao claustro da Universidade compostelana.

A Universidade de Santiago debe decatarse de que toda a mocedá galega acodirá a ela cando áchese trocada n'unha universidade europea.

Non hai outro camiño.

Pénsase na Galiza cando non gobernan galegos

O goberno ten xa presentado as Cortes un proxecto de redención dos foros na Galiza. O proxecto poderá ser millor ou peor. Mas prova que somentes foi doado pensar n'iso cando ningún político galego figura no ministerio.

Ben o dixo El Rei n'unhas verbas cheias d'humorismo e d'ironía que fican para sempre chantadas no curazón dos ex-ministros nados na nosa Terra: «A ver si agora que non teño, desde fai moitos anos, ningún gallego no consello, vos preocupades algo da Galiza, señores ministros.»

E verdadeiramente os ministros non galegos comencan a pensaren un pouco na Galiza. E o caciquismo galego anda algo desaxeitado por medo a Cambó, catalán:

Os Bugallal, os Wais, todos eses regulares indigenas que nasceron disgraciadamente na nosa Terra non fican xa resellados e maldizoados para sempre?

¿Haberá Jordán capaz de os purificare?

Wais, o parvo, andivo a dicir que na Galiza non había problemas que resolver. Porque nin os foros, nin a emigración, nin o analfabetismo, nin o caciquismo, resultaban mais que cousas pantástecas. E agora o goberno, sin galegos, demostra que os hai.

Pois aínda existe outro problema mais serio: o do proteccionismo que se fai para servir a total-as terras hispanas, esquecendo a nosa.

Para Galiza un librecambismo que a funda—lembrade o das carnes conxeadas, verbigracia—e para as mais rexións e nacionalidades hespañolas protección a cheias. Laiamonos de vicio, abofé...

Congreso da Raza celta

A mediados do próximo Xaneiro, faceráse un Congreso dos povos da Raza celta en París ou en Dublin.

A este Congreso, que terá de ser importantísimo, foron invitadol-os nacionalistas galegos.

Galiza ten un posto reservado en acto de tanta trascendencia.

De D. Manoel Leiras Pulpeiro

Non digas que estás de morte,
 Nin que te veu un mal ollol
 ¿Queres que as vellas gafuras
 Deixen de rañarch'o corpo...?
 Pois date máis á estimanza,
 Sin xemer, ni-andar con choros;
 Bótalles duas roncadas
 A ises parentes pollosos,
 Que te aldraxan, e ben deitan
 Moitas veces dos teus codos;
 Y-ós desleigados que esquencen
 A fala, que tí, n-o colo,
 Lles ensiñache, ô crialos,
 Mídelles co-a roca o lombo,
 E, si non volven a rego,
 Déixooos ir, que os leve o mouro...!
 Que os que ô teu mandado queden,
 Si Dios quér, han ser abondos
 Pra relousarche a casíña,
 Pra refacerche o teu hórreo,
 E pra limpar de nocellas,
 Como fai falla, teus hortos.
 E verás que de contado
 Ch' ha cambiar, Galicia, todo.

(Nelos d'a Costeira.)

Notas enxebres

Pol-o «Grupo Cultural» d'Ourense organizóuse unha serie de conferencias que terán lugar no Centro Obreiro da cidade das Burgas.

A inaugural estivo a cárrago do noso querido irmámo Vicente Risco, que falou, naturalmente, en gallego, «sendo ovacionado—según lemos nos xornaes— pol-os moitos traballadores que ovíronno.»

Con motivo d'unha serata que o coro «Cántigas da Terra» lle deu ao senador romanonista Gerardo Doval, éste, desde o Palace Hotel da Cruña falóulle en galego ao público.

O que lle suxiriu a idea d'empregal-a nosa lingoa no seu discurso foi o irmámo Xosé Calviño, quen é merecente, por iso, d'unha querendosa gabanza.

O presidente da Mocidade Valencianista de Artana (Corcubión) co'a que sosteñen relacións os nazionalistas galegos, dirixiu unha carta moito fraternal á Irmandade da Cruña, na que dí que «En les horas grans de intensa lluita vos seguirem amb veritable simpatía des d'aquest racó del Reialme Valenciá.»

Ao presidente da Mocidade Valencianista de Artana don Josep M.^a Alba, enviámoslle o testimoño do noso cordial agarimo.

Cada vegada ándase a probar mais craramente que sô os nazionalistas das diversas terras da Península son verdadeiros irmámos ¡E logo dín que o nazionalismo dexungue aos povos!

O DE SEMPRE

A casa Calleja de Madri publica unhos dicionarios para levar no peto, moi feitucamente editados. Entr'eles hai un «Diccionario biográfico» no que aparecen os homes mais ilustres do mundo e, especialmente, da Hespaña.

Folleamol-o diccionario para ver o que n'el dice do cardeal Gelmírez. ¡Desencantol! Non figura o seu nome no diccionario. Buscamos entón a Fonseca, e efectivamente, fálanos de un Fonseca de Burgos, mas non do cardeal santiagués.

Escamados, seguimos a buscare. No diccionario non está Curros Enríquez, nin está, tampouco, Pastor Díaz. Ao P. Sarmiento chámalle benedictino ¡segoviano! O mestre Mateo tampouco está.

En troques hai nomes de señoras profesoras da normal de Madri e d'algún ministro. Cecaís haxa o d'algún concellal madrileño.

E pechámol-o libro. Os homes ilustres da Galiza son descoñecidos en Madri. Cando algún e coñecido, fáiselle segoviano.

Galiza, como de cote, sigue sendo inédita para a irta meseta da Castela.

(Do «Correo Gallego» do Ferrol.)

Progresos do nazionalismo

II Congreso de Juventudes Aragonesistas

Bases de Gobierno de Aragón

Presentadas por la Unión y Juventud Aragonesa en el primer Congreso de Juventudes Aragonesistas celebrado en Zaragoza

«La personalidad de Aragón.— 1.^a La personalidad de Aragón queda definida por el hecho histórico y la actualidad de queer ser.

2.^a Como consecuencia de la anterior afirmación, proclamamos la libertad absoluta de la nacionalidad aragonesa para el pleno desarrollo de su vida pública sin intervenciones extrañas, y afirmamos nuestra más consciente deseo de convivencia ibérica.

Del Territorio.—El territorio de Aragón lo constituyen las actuales regiones de Zaragoza, Huesca y Teruel. Las posibles agregaciones de territorios limítrofes podrán realizarse, conforme la razón natural, por afinidad de intereses.

Las riquezas del suelo y del subsuelo, y las fuerzas naturales forman el patrimonio de Aragón.

Del ciudadano aragonés.— El ciudadano aragonés lo es por el solo hecho de sujetarse a las leyes de Aragón y estar bajo su jurisdicción directa.

Todo ciudadano, desde los veinte años, puede ser elector y elegido en los cargos públicos y magistraturas.

Las Cortes.—a) Las Cortes aragonesas, esencialmente democráticas, se constituirán por sufragio directo y secreto del ciudadano aragonés.

b) El poder legislativo reside en las Cortes y el ejecutivo en el Consejo elegido en el seno de la misma.

c) Este Consejo de Cortes tendrá un Presidente elegido por sufragio directo.

Los Municipios.— Los Municipios aragoneses, alma y

cuna de nuestro pueblo, serán libres para hacer y deshacer, y poseerán la estructura de una autonomía plena, sin más limitaciones que la Ley orgánica dimanada de las Cortes aragonesas.

Del Poder judicial.—Residirá un Tribunal Supremo de Justicia, cuyo Presidente ostentará el título de Justicia Mayor de Aragón. Este tribunal entenderá en última instancia en todos los asuntos judiciales, tanto civiles como criminales. Regirá en Aragón el Derecho Civil Aragonés, y en lo criminal el Código común del Estado. Los Magistrados y Jueces del territorio aragonés habrán de ser ciudadanos aragoneses.

Delegaciones.—Aragón delegará en el poder central todas aquellas funciones de carácter militar, diplomático y relaciones internacionales. Contribuirá a los gastos del Estado proporcionalmente a su riqueza y su población.

La Universidad.—Será obligatoria la enseñanza y gratuita en toda su extensión.

La Universidad de Aragón debe ser el elemento director de la cultura aragonesa. Asumirá funciones de extensión universitaria, según el formato de última modernidad, con carácter de máxima autonomía económica e intelectual.

Economía.—Afirmación del libre cambio como pensamiento económico aragonés, así como la necesidad de abordar el problema de la tierra, el establecimiento del impuesto único sobre el suelo, la canalización del Ebro y la necesaria salida al mar.

Las Juventudes Aragonesistas se reunirán en un II Congreso, en la ciudad de Barcelona del 24 al 30 de Octubre de 1921, para continuar la labor iniciada en el I Congreso de Zaragoza. Aragón debe acudir en masa a este trascendental acto aragonesista.

Os nazionalistas galegos saudan con moito amore aos irmáns aragonesistas,

FOLLAS NOVAS

Libros e Revistas

LETRAS PORTUGUESAS

"Adoracao" (cánticos de amor.)

Este libro do xenial Leonardo Coimbra, de que ven falando a prensa galega con entusiasmo, chegou a nós dedicado polo seu autor.

É un libro que se lé d'un pulo. Ferguenza de lirismo esaltado, cheía d'imaxes poéticas, himno ao amor d'unha forte orixinalidade, follas d'unha beleza admirabel.

"Adoracao" vai camiño de se esgotare, como todas as obras do ilustre pensador. Leva ilustracións notabres de exquisito debuxante João Peralta.

Achase á venda na Cruña na librería de Lino Pérez ao prezo de tres pesetas. É unha edición luxosa. Andará nas maos de todos os namoraos da poesía hondamente mística e romántica.

Antoloxía Portuguesa.

Temos recibido un novo volume d'esta "Antoloxía" que honra a Portugal e honra aos seus editores Ailland e Bertrand.

O novo volume ven dedicado a "Paladinos da linguaen, Trancoso".

Cantos deseen coñecer o pensamento portugués antigo, moderno e contemporáneo, facéndose c'os libros d'isa "Antoloxía" poderán teren unha idea crara da grande cultura da nación irmá através dos séculos.

A "Antoloxía Portuguesa" de Ailland e Bertrand, que constará de trinta tomos non debe faltar en ningunha biblioteca gallega.

Especialmente as sociedades de recreio e cultura teñen obriga de a adquirir.

LETRAS GALEGAS

Libros no prelo.

O ano de 1922 oferesce ser fecundo para a literatura, as artes e o pensamento galego.

N'ele hánse publicar volumes interesantes. Entre outros: "Doctrina Nacionalista" de Ramón Villar Ponte, c'un prólogo de Puig e Cadafalch; "Abrente", versos de Victoriano Taibo, c'unha introdución de Cabanillas e un epílogo de López Abente; "Mal de moitos" e "Trato a cegas", parrafeos teatraes de Charlón e Hermida, c'un prólogo de Antón Villar Ponte; "Oracións campesíñas", poemas de Eladio

Rodríguez González, con ilustracións dos principais pintores galegos; "Vento mareiro", segunda edición do libro xenial de Cabanillas; "Almas mortas", farsada cómica-tráxica en tres xornadas de R Villar Ponte; "Plan pedagxico das Irmandades", de Vicente Risco; "O Mariscal" leenda tráxica histórica en verso de Cabanillas e Villar Ponte, e unha novela de Gonzalo López Abente e un estudo internacionalista de Xaime Quintanilla. Tamén daránse a coñecer as impresións sobre as artes na Europa de Castelao e antoloxías dos millores poetas e pensadores galegos, así coma un vocabulario castelán-galego, e conto "A Princesa da sorriso d'ouro", de Corredoira Calderón.

Manoel Antonio e Enrique Batán.

Son moitos os irmans que nos teñen preguntado por que estes dous rapaces que viñan escribindo versos d'unha grande novidade no noso boletín, ficaron silenciosos. Cantos nos fan somellante pregunta dim que as poesías d'ambos colaboradores gorentaban a todos e que n'elas latexaba unha fonda orixinalidade promesa d'algo bó, xurdido e definitivo.

Nós, coma resposta, aseveramos que Manoel Antonio e Enrique Batán, voltarán axiña a honrar as follas de A NOSA TERRA c'os seus versos. O mesmo que Taibo, López Abente, Eladio Rodríguez González, Cabanillas e Noriega Varela. Manoel Antonio xa escemenza hoxe.

Outros libros e revistas.

Temos recibido "La Tragedia de Irlanda", libro moito interesante que recomendamos aos irmáos verificado do inglés por A. Ruiz de Pablo; "San Andrés de Teixido" (Historias, lendas, tradicións) de Federico Maciñeira; "El Espectador", de Ortega Gasset; a nova revista de Lisboa "Seara Nova"; "La Revista" de Barcelona e outras, amén do folleto "Prece á España" de Cruz Cerqueira.

Falaremos de todo isto n'outros números.

Vda de H. Hervada Casa fundada en 1865
A CRUÑA
FERRETERÍA, QUINCALLA, MUEBLES, MAQUINARIA AGRÍCOLA, PEDRAS Francesas PRA MUIÑOS, ETC., ETC.

COMPAGNIE GENERALE TRASATLANTIQUE

Vapores Correos de gran velocidade ——— Servicios directos dende o porto da Cruña

Próximas saídas DIREITAMENTE da Cruña

Vapor **FLANDRE** 7 de Novembro

“ **Roussillon**

“ **De la Salle**

Prezo en Cámara para o vapor **FLANDRE**

		HABANA	VERACRUZ
Primeira crase (varias categorías)	Ptas.	1.350 a 3.600	1.475 a 3.900
Segunda crase	»	1.100	1.200
Preferencia	»	1.000	1.050

Prezo en Cámara para o vapor **ESPAGNE**

		HABANA	VERABRUZ
Primeira (varias categorías)	Ptas.	1.650 a 5.000	1.800 a 5.250
Segunda	»	1.100 a 1.125	1.200 a 1.225
Preferencia	»	1.000	1.050
TERCEIRA CRAS	»	565	

A estos precios hai que añadir os impostos

Os pasaxeiros terán de presentarse n'esta Axencia cinco días antes da saída.—Ademiten carga.
Para toda crás de informes dirixirse ao seu consignatario:

D. NICANDRO FARIÑA, Rúa de Compostela, esquina a Praza de Lugo-A CRUÑA

COMPAGNIA CHARGEURS REUNIS

COMPAGNIE DE NAVIGATION SUD-ATLANTIQUE

Línea Brasil-Plata

Para os portos do Brasil, Montevideo e Bós Aires, sairán do porto da Cruña os magníficos vapores rápidos a dobre hélice

2 de Novembro
22 de id.

RIGAULT
AURIGNY

Prezo en 3.ª cras

534'75 pesetas
534'75 »

Prezos en cámara

		Pernambuco	Bahía	Rio Xaneiro	Santos	Montevideo	Bos Aires
Prezo do billete en luxo	Ptas.	6.000		6.000	6.000	6.000	6.000
En primeira crase	»	1.650		1.925	2.000	2.350	2.435
En segunda crase	»	825		825	825	825	825

Prezos en cámara para o «DESIRADE»

		Pernambuco	Rio Janeiro	Santos	Montevideo	Buenos Aires
En primeira crase	Ptas.	1.475	1.675	1.725	1.950	2.025
En segunda crase	»	825	825	825	825	825

Nenos menores de dous anos, un gratis por cada familia; de dous a cinco anos, cuarto pasaxe; de cinco a dez anos, medio pasaxe; maiores de dez anos, pasaxe enteiro.

E necesario presentarse nesta Axencia cinco días antes da saída do vapor.

Para máis informes dirixirse aos seus Axentes Xeneraes en Hespaña:

ANTONIO CONDE (Fillos)

Plaza de Orense, 2-A-CRUÑA

Telegramas: CHARGEURS